



NARÓN

Datos Do Expediente:

PROCEDEMENTO ABERTO	
Unidade Tramitadora:	
Contratacion e Obras Publicas – IMG	
Número expediente:	Documento:
CON/18/2013	CONXI0FG
0X380K2S2K1V0U4D0L0L	

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN PARA A CONTRATACIÓN POR PROCEDIMIENTO ABERTO, DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR 2013 MEDIANTE PROCEDEMENTO ABERTO CON VARIOS CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN

Presidente: D. José M. Blanco Suárez.

Vogais:

D. Alfonso de Prado Fernández-Canteli, Secretario Xeral
D. Gonzalo Gómez Prego, Interventor Accidental
D. Alfonso Filgueira López, Xefe do Servizo Sociocomunitario

Secretario Ignacio Mazaira Garro

Sendo las 9,00 horas do día 30 de outubro de dous mil trece, reúnese a Mesa de Contratación formada polos membros que enriba se expresan, para avaliar as ofertas técnicas presentadas polos licitadores do procedemento aberto para a adxudicación do servizo “Axuda no Fogar”.

Declarada aberta a sesión pola presidencia, entrase a debatelos informe elaborado polo Xefe do Servizo Sociocomunitario, que se achega como anexo a esta acta, no que se analizan tódalas propostas de melloras realizadas polas licitadoras con respecto a parte técnica da prestación do servizo.

O informe, despois dun estudo pormenorizado das ofertas, presenta as seguintes conclusións:

Clece, S.A. non define suficientemente ou de maneira congruente as funcións previstas no prego, respecto da figura interlocutora técnica có concello; tampouco acredita funcións e contratación específica de persoa administrativa. Describe de maneira xenérica o equipo técnico central da empresa.

Eulen Servicios Sociosanitarios S,A.define un apoio de equipo técnico ubicado na Coruña, especializado en servizos sociais con acreditación de perfís profesionais e con cualificación idónea, e con presenza semestral en Narón. Define elementos concretos de organización laboral recollida en acordos sociais nos que basean a fidelización e estabilidade nos contratos. Concreta contratación a media xornada de persoal administrativo.

Clece, S.A. presenta un proxecto descrito de maneira xenérica, sen precisar elementos singularizados para Narón; aporta compromisos sen cuantificar con frases como “... as medidas que sexan necesarias” que non permiten unha cuantificación concreta e medida.

Eulen Servicios Sociosanitarios S,A. aporta melloras organizativas concretas coma as 20 prazas de teleasistencia, redución de prazos nas altas de usuarios/as, e concreta e temporaliza elementos de medición do cumprimento da oferta, dispositivo de control de tarefas, coordinación semanal cós técnicos municipais, reunión de comité técnico con familias usuarias mensual e describe de maneira precisa os protocolos e procedementos.

O plan de formación se cumpre de maneira similar nas dúas ofertas, con variacións de horas e contidos consonte cada unha, cunha lixeira mellora de Eulen Servicios Sociosanitarios S,A. na configuración de horas e na sistematización de catro convocatorias anuais para garantir a efectividade da formación.



NARÓN

Clece, S.A. non presenta un plan de igualdade en empresa, non define con precisión melloras concretas no convenio, e presenta unhas acreditacións tipo de calidade integrada, sendo superior a de Eulen Servicios Sociosanitarios S.A. que presente a maiores o selo de calidade EFQM 400 + e DIS-ES-0007-2010.

Así mesmo, Eulen Servicios Sociosanitarios S.A. oferta unha accesibilidade directa das traballadoras a un servizo de consulta médica telefónica sen límite de tempo para mellorar o seu plan de prevención de saúde laboral.

Clece, S.A. non describe medidas concretas de mellora de convenio laboral, que Eulen Servicios Sociosanitarios S.A. si describe.

Ningunha das empresas oferta elementos obxectivos de innovación.

En consecuencia o proxecto presentado por Eulen Servicios Sociosanitarios S.A. suma máis puntuación (36,5) que Clece, S.A. (24), por definir de xeito máis concreto o seu funcionamento, aportar melloras de prestación e organización medibles, unha mellor definición de recursos persoais e funcións; mesmo determina con máis precisión procesos de conciliación laboral e familiar, medidas de igualdade, certificacións de calidade e melloras de convenio, entre outras.

	Puntuación Máxima	Clece S.A.	Eulen S.A.
1.-Dotación e organización recursos humanos	8	6	8
2.- Calidade do proxecto	13	8	13
3.- Plan de formación	3	2	2,5
4.- Organización, estrutura interna	10	7	10
5.- Procedemento de mellora e excelencia	3	1	3
6.- Innovación no servizo	3	0	0
TOTAL		24	36,5

A Mesa de Contratación, acordou ratificar este informe coas puntuacións propostas, unha vez debatido o mesmo e por tanto ratificar a puntuación outorgada a cada unha das empresas licitadoras.

Levantada a sesión pola presidencia, as 9 horas e vinte e cinco minutos da data indicada no encabezamento, esténdese a presente Acta que, trala súa lectura, asinan Presidente e Secretario da Mesa, do que, como Secretario, dou fe.